

Lêgerîn

Insistir na humanidade é insistir no socialismo

A MOCIDADE É ERGUESE!



04 A mocidade en acción

06 O socialismo da sociedade democrática conduce a victoria


09 Mais ala da "Gen Z": Defendendo o espírito revolucionario xuvenil

12 Dossier: A mocidade érguese!

14 O levantamento permanente

18 Cartaz: Protestas xuvenís ó redor do mundo

Ecos de resistencia 20



A comuna moderna de París 23

Imaxina o imposible 26

En memoria de Trvko 29

Unha historia dende Rojava 31

Chamado a lectores 33

Que pasou na historia? 34

Quen somos? 35

QUERIDOS LECTORES

Ovello mundo está a morrer e o novo ten dificultades para nacer: estamos na era dos monstros". Esta cita de Antonio Gramsci de 1929 podería ter sido escrita nos nosos tempos, xa que describe perfectamente a situación que nos toca afrontar hoxe en día. Todo o que estamos a vivir fainos pensar que a chamada orde mundial, baseada no dereito internacional, xa é cousa do pasado. En marzo, o representante do Kremlin Dmitry Peskov facía esta declaración: "Honestamente, nin eu mesmo podo entender como se pode esixir que se cumpran as normas e principios do dereito internacional. De feito, non podemos considerar que estean vixentes. E que dereito substituíu o dereito internacional? Ninguén o sabe de momento..." Un discurso recente de Macron sobre armas nucleares define o principio sobre o que a nova orde mundial se esta a construír: "Para ser libre, debes ser temido. Para ser temido debes ser poderoso". A crise existencial á que se enfrenta o capitalismo xa non lle permite agocharse a si mesmo tras unha máscara. As guerras actuais mostran a brutalidade de forma totalmente aberta, á vez que os arquivos de Epstein deixan entrever a natureza da mentalidade patriarcal que existe detrás destas masacres.

Nesta escuridade, os levantamentos xuvenís dos últimos meses son destellos de esperanza que se extenden en cada continente. Estes movementos son un chamamento a retomar a iniciativa e a liberarnos da parálise na que o sistema pretende mergullarnos. Como podemos entender estes levantamentos? Cales son as súas fortalezas e as súas debilidades? Que perspectivas existen para conseguir un cambio duradeiro? Con este número, pretendemos ofrecer algunhas posibles respostas a estas preguntas.

"O que está claro é que erguerse contra o sistema non é suficiente; tamén debemos desvincularnos del: material e mentalmente. Xa non podemos aceptar servir como soldados, traballadores ou burócratas para os estados e as forzas capitalistas que están a levar a humanidade cara un eventual desastre xeneralizado. Debemos construír o noso propio sistema en paralelo, situando a liberdade das mulleres no seu centro."

"A realización práctica da teoría é a comunalización. Unha vida libre e digna sóamente pode realizarse coa construción das comunas en cada esfera da vida. A vida libre xenuína das mulleres – e por tanto da sociedade – depende do poder constructivo das mulleres e da comunalización que elas dirixen".¹

Estamos ó carón dos mozos e mozas voltando ás súas vilas en Indonesia, xunto a aqueles que, en Europa, están a facer folga nas súas escolas e postos de traballo en sinal de protesta contra a guerra, xunto á Gen Z de Madagascar que defende os logros que tanto lles custou conquistar e tamén cos mozos e mozas que deciden unirse ás unidades de autodefensa en Rojava, estamos coa mocidade Zapatista que está a fortalecer a súa autonomía e con aqueles que se están a preparar para zapar nas flotillas cara a Gaza.

Construamos xuntas o levantamento permanente da mocidade!

Editorial de Lêgerin

1. Mensaxe de Abdullah Öcalan o 8 de marzo
<https://espanol.anf-news.com/mujeres/-58238>

EDITORIAL

A MOCIDADE EN ACCION

Ó REDOR DE TODO O MUNDO A MOCIDADE ESTÁ A RECUPERAR A INICIATIVA! RECADAMOS AQUÍ UNHA SERIE DE MOBILIZACIÓNS QUE TIVERON LUGAR ENTRE OCTUBRE DE 2025 E XANEIRO DE



CAMERÚN

As manifestacións en Camerún comezaron en outubro de 2025 por mor das denuncias de fraude político nas eleccións onde Paul Biya, presidente desde 1982, foi elixido unha vez máis como líder do país, converténdose así no presidente de máis idade do mundo. Os manifestantes saíron á rúa para combater o autoritarismo de Biya. As protestas pedían tamén a fin da represión descontrolada e da corrupción por parte do réxime.



BULGARIA

A finais de novembro de 2025 estalaron protestas masivas en Bulgaria, nas que a cidadanía se manifestou contra a proposta de presupostos de 2026, que aumentaba os impostos e estaba marcada pola corrupción. A mocidade e os traballadores, que lideraron as protestas, tamén reclamaron unha mellora da sanidade, o aumento dos salarios e máis oportunidades de emprego. O proxecto de orzamento foi retirado e Rosen Zhelyazkov, o primeiro ministro naquel momento, viuse obrigado a dimitir ante a forza da oposición.

IRÁN

A finais de 2025, sucederon unha serie de protestas en Irán nas cales a xente pedía ó goberno medidas para corraxir a inflación. As protestas evolucionaron rapidamente a unha maior mobilización para derrocar ó réxime islámico e por feno ó colapso da economía do país, como continuación das manifestacións baixo o lema de Jin, Jīyan, Azadī en setembro do 2022. Milleiros de persoas foron asasinadas pola policía durante as protestas.





ACCIÓN INTERNACIONALISTA POR ROJAVA

En xaneiro de 2026, Rojava foi obxectivo de ataques por parte do goberno interno de Siria, o Estado Turco e o ISIS. Milleiros de persoas curdas mobilizáronse para chegar á rexión e a diáspora organizou protestas diarias en cidades fóra de Oriente Medio (por exemplo en Europa, Canadá, Australia...) xunto a compañeiras internacionalistas. Unha acción importante foi a Caravana dos Pobos: unha morea de coches que, desde o norte e sur de Europa, chegou en poucos días á cidade curda de Suruç, no sur de Turquía, a 5 quilómetros de Kobanê, para por presión e conseguir romper o bloqueo imposto sobre a cidade.

USA

Durante meses a xente en EEUU protestou contra o ICE, a forza policial que ten como obxectivo secuestrar e expulsar inmigrantes exercendo violencia e intimidación. O 7 de xaneiro de 2026, o ICE disparou e matou a Renée Good cando escapaba de varios axentes no seu coche. Despois de matala, houberon protestas en máis de 100 cidades. Dende inicios de 2026, estudantes de EEUU organizaron centos de manifestacións e folgas escolares contra o ICE, con lemas como "O ICE cae ante a resistencia", "Que as familias permanezan xuntas", "ICE fóra xa!", e "Estamos a saltar as clases para darvos unha lección".



UGANDA

As protestas lideradas pola mocidade ugandesa comezaron cando o presidente Yoweri Museveni decidiu presentarse nas eleccións nacionais de 2026, a pesares de gobernar o país desde 1986. Museveni e o seu equipo de goberno enfrontáronse a unha forte reacción por parte dos mozos e mozas que reivindicaban mellores oportunidades laborais, educación, sanidade e auga, infraestruturas e desmilitarización. A loita aínda hoxe continúa e podemos estar diante do cambio máis grande a nivel político despois de 40 anos de dictadura.



Se queres que publiquemos as túas accións no próximo número, envíanos un correo electrónico a legerinkovar@protonmail.com con fotos e detalles sobre elas. A mocidade de todo o mundo estase a organizar, únete a eles!

O SOCIALISMO DA SOCIEDADE DEMOCRÁTICA CONDUCE A VICTORIA



UNHA MENSAXE DENDE IMRALI Á CONFERENCIA INTERNACIONAL DA PAZ E A SOCIEDADE DEMOCRÁTICA

POR ABDULLAH ÖCALAN

Abdullah Öcalan enviou esta mensaxe dende a illa-prisión de Imrali á “Conferencia Internacional pola Paz e a Sociedade Democrática” celebrada o 6 e 7 de Decembro de 2025 en Estambul. “Políticos, académicos, periodistas, defensores dos dereitos humanos e representantes parlamentarios que tomaron diversos cargos en diferentes nacións asistiron á conferencia como ponentes ou participantes, procedentes de 19 países de 5 continentes distintos”

Queridos pensadores, queridos camaradas, prezados delegados e a todas as persoas que continúan a ver o socialismo como unha posibilidade real.

Diríxome hoxe a vós dende Imrali, onde me atopo encerrado nunha illa baixo condicións de illamento dende hai 26 anos, nun momento no que se retoman novos diálogos co Estado sobre a cuestión Kurda na procura de paz e unha sociedade democrática. Considero moi importante e significativo poder dirixirme a vós na Conferencia Internacional pola Paz e a Sociedade Democrática, no camiño da reconstrución do socialismo.

Como kurdos, durante o transcurso de 52 anos de loita do PKK, levamos a cabo unha loita pola existencia e

a dignidade, e agora entramos nun período onde reconstruír unha república democrática e unha sociedade democrática é posible.

O PKK cumpriu a súa misión histórica ao asegurar a existencia nacional do pobo kurdo, ao tempo que expuxo as limitacións do socialismo nacional-estatal. O socialismo do século XX xurdiu como unha intervención revolucionaria negativa², pero non conseguiu presentar unha alternativa duradeira. Nos anos 90, nun momento no que a xente escapaba do socialismo, dediquei todo o meu tempo a reconstruír este soño, deixando escrito que ‘insistir no socialismo é insistir no ser humano’. A pesar dos enormes sacrificios, esta loita converteuse nun legado enriquecido tanto pola crítica teórica como pola práctica. Honrar e apropiarse deste legado correctamente require transformar o socialismo dunha simple memoria nunha forza social viva que late no corazón do pobo. A tradición socialista na historia debe entenderse como un legado dirixido a construír tanto a paz como unha sociedade democrática, e o camiño a seguir atópase no cumprimento das responsabilidades internacionalistas, tanto en teoría como na práctica.

Aínda que os socialistas utópicos e os marxistas levan expondo críticas exhaustivas do sistema hexemóni-

co capitalista dende o século XIX, non lograron desenvolver unha liña decisiva con resultados precisos. O capitalismo actual xa non é só unha crise, senón que tornou nunha enfermidade que ameaza a propia supervivencia da humanidade. O monopolio da violencia en forma de Estado-nación conta cun papel determinante neste colapso.

Así como o capitalismo non pode describirse unicamente con argumentos económicos, os fracasos dos movementos socialistas non poden ser explicados exclusivamente pola represión capitalista. Os erros históricos e actuais tamén foron decisivos. É importante que se entenda correctamente a miña crítica ó marxismo. Non culpo a Marx; na súa época, a historia non se entendía tan ben coma hoxe. Non había crise ecolóxica e o capitalismo aínda se atopaba en expansión. Con todo, Marx foi un pensador de fondo auto-cuestionamento e coraxe intelectual. Percibiu a importancia da liberación da muller, pero abordándoa de xeito superficial. Cría que, tras superarse a explotación económica, a opresión de xénero desaparecería de forma natural. O seu intento de entender a a historia da nosa sociedade unicamente dende unha perspectiva de clase e a súa insuficiente análise do Estado e do Estado-nación tiveron graves consecuencias. Malia expor

esas críticas, quero salientar o meu profundo respecto polos esforzos de Marx, sen ter dúbida algunha sobre a súa sinceridade, e resalto que distingo entre marxismo e o propio Marx. No momento no que realizamos unha crítica ó marxismo e o socialismo real actual en relación a certas cuestións fundamentais, o que sentemos (como socialistas) é o espírito de autocrítica interior.

As forzas antisistema deben reinterpretar o materialismo histórico dun xeito que se axuste á realidade das sociedades humanas. Cómpre entender que o capitalismo non “caeu do ceo” no século XVI, senón que as súas raíces retómanse ós dez ou doce mil anos de evolución da civilización que comezou na Baixa Mesopotamia. Xacementos arqueolóxicos tales como Göbeklitepe e Karahantepe arroxoaron luz acerca de súa orixe histórica. Por este motivo, considero de maior precisión definir o sistema social existente como un “sistemas de castas baseado no asasinato social”. Os descubrimentos arqueolóxicos e antropolóxicos amosan que as castas masculinas de cazadores, por medio do desenvolvemento de técnicas de matanza, reprimiron e escravizaron as comunidades de clans matriarcais. Isto marca unha profunda rutura na historia da humanidade, de feito a maior contrarrevolución que marcou os desenvolvementos posteriores da civilización.

Comprender o capitalismo dende unha longa perspectiva histórica permite realizar unha análise moito máis reveladora. Este sistema non só agrava as contradicións sociais internas, senón que tamén pon en perigo a supervivencia da especie humana

ó producir armas químicas e nucleares capaces de aniquilar o planeta, pois contaminan o medioambiente e saquean as riquezas da natureza, tanto en superficie coma no subsolo. Un dos deberes esenciais da Internacional é ofrecer á humanidade unha nova análise do capitalismo baseado nesta grave realidade.

Necesitamos analizar a historia dos oprimidos desde a perspectiva da comuna, que emerxiu primeiramente e sobre todo como forma de autodefensa, antes que o concepto de clase. Para ilo, cómpre considerar as primeiras comunidades tribais como a orixe da comuna e adoptar unha



Asemblea do Soviet de Petrogrado,

perspectiva histórica que abrangue ata o proletario actual ademais de todos os grupos oprimidos. Partindo desta base, afirmamos que a historia non pode reducirse soamente á loita de clases, se ben a loita de clases forma parte da historia, é máis acertado interpretala como un longo proceso de relación e conflito entre os desenvolvementos comunitario e anticomunitario que se remonta a aproximadamente 30000 anos atrás.

Anticipo que, ó abordar tamén análises teóricas que amosei aquí, esta conferencia fomentará debates importantes que poidan contribuír o desenvolvemento dunha nova perspectiva sobre o programa e organización política. Neste proceso, o método

fundamental é o materialismo dialéctico. Porén, é imprescindible superar certos excesos da dialéctica básica. Cómpre ver as contradicións, non só como polos opostos destinados a eliminarse conxuntamente, senón como fenómenos sociais que tamén se sosteñen mutuamente. Xa que, sen a comuna non habería Estado, sen burguesía non habería proletariado. En consecuencia, esta contradición non debe avaliarse cunha lóxica de aniquilación, senón dende unha perspectiva histórica transformadora.

Os avances científicos evidencian que o método dialéctico continúa a ser unha ferramenta eficaz para a análise social, sempre cando non se considere absoluto. Partindo deste panorama, resulta fundamental actualizar a dialéctica comuna-Estado e clase-Estado, o fracaso do socialismo real do século XX debeuse á incapacidade de realizar unha interpretación adecuada desa dialéctica histórica: o socialismo estatista

apoderouse do Estado, mais este rematou por derrotalo. Ó vincular o dereito das nacións á autodeterminación ó Estado-nación, este dereito quedou confinado dentro das limitacións da política burguesa. Deste xeito, o concepto de “Estado-nación” non xerou outra cousa que unha reprodución da mentalidade estatista. Ó interpretar correctamente esta realidade, podo afirmar o seguinte: o socialismo con base no Estado-nación conduce á derrota, mentres que o socialismo da sociedade democrática leva á vitoria. Hoxe chegou o momento de avanzar cara a emancipación democrática sobre a base do socialismo da sociedade democrática.

Seguindo este camiño, avanzo ca miña convicción de que acadaremos a reconstrución non a través do Estado, senón máis ben por medio do paradigma dunha república democrática e unha nación democrática fundamentada nos principios da liberdade das mulleres, da ecoloxía e da sociedade democrática. Esta consciencia renovou a ideoloxía e a política do noso movemento, revitalizando o seu dinamismo organizativo e afondando as súas raíces na sociedade, permitíndolle o desenvolvemento dun programa socialista que responda ás necesidades deste século.

A relación entre o socialismo democrático e o Estado está asemade sendo remodelada no contexto de paz e a resolución. Defino a miña relación co Estado como unha relación de democratización. O concepto de república democrática require que o Estado non funcione como un poder divino por enriba da sociedade, senón máis ben como unha estrutura que opere dentro do marco dun contrato democrático acordado coa sociedade. Mediante unha estratexia de política democrática é posible acadar cambios e transformacións do Estado e reconstruír a sociedade dende unha base democrática.

Fundamentar esta estratexia na lei constituirá a base duradeira da paz. O dereito é un mecanismo que garante unha relación democrática entre Estado e sociedade, servindo como instrumento contra a violencia. Ó mesmo tempo, institucionalizará o establecemento, a lexitimidade e a reconstrución da república democrática.

Abdullah Öcalan dende o cárcere de Imrali, febreiro de 2026.

ca. En relación con isto, un dos argumentos estratéxicos clave que propono é o concepto de integración democrática e o seu marco legal. O dereito de integración democrática, no que se reconstrúen normas xurídicas en beneficio da sociedade por medio de normas individuais e universais xunto con dereitos colectivos, debe apoiarse nos seguintes tres principios fundamentais:

- Lei da libre cidadanía
- Lei de paz e sociedade
- Leis de liberdade

A lei de integración democrática non só transformará o Estado nun normativo³, tamén permitirá institucionalizar os éxitos sociais, permitíndolle á sociedade gozar da súa liberdade. O proceso do “Chamamento pola Paz e a Sociedade Democrática” que lancei é en si mesmo un procedemento de diálogo. Nunha rexión como Oriente Medio, marcada por complexas relacións entre etnias, relixións e sectas, pódese acadar moito por medio do diálogo e a negociación. Ademais, creo que se pode organizar un socialismo significativo, non a través dun método revolucionario violento, senón por medio dun sistema positivo de construción e existencia, un que

adquira forma mediante o diálogo democrático. Sen este diálogo democrático integral e profundo, resulta difícil crer que o socialismo poida construírse, ou incluso que poida perdurar de lograr construírse.

Lenin tamén dixo: “sen unha democracia inclusiva e avanzada, non se pode construír socialismo”.

Con estes pensamentos e determinación, deséxolles unha vez máis unha conferencia frutífera e estendo os meus saúdos e afecto fraternos e duradeiros.


Abdullah Öcalan
06.12.2025, Illa de Imrali




[1] *Declaración Final da Conferencia Internacional pola Paz e a Sociedade Democrática* <https://www.demparti.org.tr/Images/UserFiles/Documents/Editor/2025/final-declaration-of-international-peace-and-democratic-society-conference.pdf>

[2] *"Unha revolución negativa son a rixidez, actitudes conservadoras e a resistencia á transformacións. Nace dos partidos, movementos e institucións revolucionarias."* <https://english.anf-news.com/features/negative-revolution-what-it-is-and-what-it-is-not-82505>

[3] *Abdullah Öcalan está marcando a diferenza entre o Estado normativo e o Estado anormativo. Isto describe aquelas forzas dentro do Estado que actúan de xeito encuberto e organizado sen adherirse ás normas establecidas, é dicir, ás leis e regulacións dun Estado, senón que perseguen a súa propia axenda, explotando o “Estado normal” para os seus propios fins.*



MAIS ALA DA "GEN Z" DEFENDENDO O ESPIRITO REVOLUCIONARIO XUVENIL



PERSPECTIVA INTERNACIONALISTA DAS MULLERES NOVAS



A xeración Z, un recoñecible grupo de nenos e adolescentes que son constantemente o centro de atención.” Rara vez pasa unha semana sen un novo titular estigmatizándonos. Din que somos preguiceiros, fráxiles e adictos aos nosos teléfonos. O sistema gasta enormes esforzos para perfilar e controlar a nosa consciencia colectiva, bombardeándonos constantemente con narrativas opresivas. Estas narrativas están deseñadas para distraernos da nosa consciencia propia e alternativa, atándonos ao status quo.

A que propósito serven as narrativas como a da Xeración Z? Se nos aproximamos a estas teorías non de forma pasiva, senón como xuventude revolucionaria, deberíamos cuestionar se a categoría de Xeración Z reflexa a nosa realidade ou é simplemente unha ferramenta para limitarnos.

TEORÍA XERACIONAL E DA XERACIÓN Z

A teoría xeracional parte da premisa de que a historia segue un ritmo. Segundo esta teoría, as sociedades móvense segundo ciclos recorrentes construídos baixo anos de convencemento colectivo. Cada xeración ten que devolver unha mentalidade distinta, formada polas condicións culturais e políticas que viven. Cando unha xeración se fai maior e a seguinte entra na idade adulta, xorde unha nova fase histórica. Os cambios non aparecen como resultado a un consenso organizado, senón como o xiro automático da roda da historia. A primeira vista, isto soa convincente. A xuventude sempre aparece no centro das rupturas históricas, aínda que esta visión reduce o rol a algo mecánico, porque

o que é intervención política transfórtese nun xiro automático da roda da historia.

Neste contexto, a “Xeración Z” refírese a toda a xente nada entre 1995 e 2010. Descríbenos como a primeira xeración completamente dixital, moldeada con smartphones, redes sociais, inestabilidade económica, crise climática e pandemia. Din que estamos permanentemente conectados a tecnoloxía e que somos progresivos, preocupados pola xustiza climática e de xénero. Inda cando nos mobilizamos, a nosa voz desvalídase como idealismo ou extremismo. Tamén din que somos fráxiles, marcando que a ansiedade e depresión son rasgos individualizados máis que vinculados a guerras, débedas, traballo precario e colapso ecolóxico. E posiblemente máis insistentemente chámannos preguiceiros, coma se rexeitar a explotación fose un defecto máis que unha resposta racional a unha inxustiza sistemática.

Na superficie, as categorías xeracionais parecen neutrais. Na realidade, esconden complexidade histórica. Os contextos derivados de sociedades Anglo-Americanas táchanse de modelos universais, ignorando clase social, historias coloniais e realidades políticas a través do globo. O resultado é a despolitización. Se as xeracións seguen un guiño, a xuventude cede a ser un suxeito histórico. A repetición constante de etiquetas (preguiceiro, sensible, radical) moldea a percepción propia. As narrativas non describen a xuventude, intentan definila e domala.

ESPÍRITO XUVENIL REVOLUCIONARIO EN CONTAS DE XERACIÓN Z

Dentro destas distorsións gárdase unha verdade: cando a xuventude entra na historia, a historia cambia. Non por ciclos místicos, senón porque a xuventude ocupa unha posición social distinta. Pra entender a xuventude como unha categoría social é imprescindible entender tanto a historia como a sociedade persé. A sociedade non é estática, móvese segundo estados de transformación. Cambio e desenrolo son as súas características máis fundamentais. A xuventude, pola súa natureza, engloba esta dinámica. Representa a vitalidade da natureza social. É móbil, inqueda e remisa a manterse confinada. Faino todo por manter a súa voz forte ata no lugar máis lonxano, a súa enerxía non se esgota con facilidade, a súa sobre a vida é cuestionar e investigar. Así como a natura transfórmase en primavera, a vida na xuventude contén unha inmensa franqueza cara o cambio. Todo parece posible, nada está arranxado. A conciencia sobre este rol é decisiva. Sen conciencia da misión histórica, a xuventude pode ser absorbida e neutralizada. Unha inconsciencia sobre a nosa función social non nos deixa ser libres ou autónomos. Unha identidade clara é unha condición fundamental por unha vida libre.

As definicións desenvolvidas ata agora sobre a xuventude, como a narrativa da xeración Z, levan moito tempo vinculadas a roles atribuídos polo sistema dominante. Os creadores das regras inventaron un gran conxunto de termos (rebeldes, irresponsables, apolíticos, extremistas, consumistas) non para entender a xuventude, senón para neutralizala. Todos saben que

calquera cousa que cale na xuventude vai ter reminiscencias na sociedade. Unha xuventude rendida ao sistema garante o futuro do mesmo, porque a xuventude significa futuro. Por esta razón, a xuventude sempre ocupou un lugar especial en conflitos históricos. Xogou o rol de pioneira en momentos de desenvolvemento social. Onde as sociedades están abertas ao cambio, a xuventude vólvese a forma máis activa e efectiva de transformación.

No mesmo tempo, a historia tamén demostra que a xuventude pode ser manipulada e mobilizada para fins reaccionarios. O seu dinamismo pode traer a liberación ou a dominación dependendo do seu nivel de consciencia e organización. Entón a pregunta non é tanto onde a xuventude é poderosa, senón a que intereses se dirixe ese poder. Os alzamentos de hoxe (aqueles como Nepal, Bangladesh, Madagascar, Indonesia, Kenya, Marrocos e máis) demostran que a xuventude segue exercendo un papel decisivo. Mulleres xoves como Deniz Ciya probárono cas súas propias vidas. Estes alzamentos non son expresións de temperamento xeracional. Estes “Alzamentos da Xeración Z” son expresións dunha forza social confrontando crises estruturais inherentes ao sistema actual.

Defender o espírito revolucionario implica unha profunda organización. Os levantamentos espontáneos revelan vitalidade, pero a transformación sostida require claridade ideolóxica, internacionalismo, liderado democrático e un compromiso coa liberdade das mulleres como fundamento. Sen estes elementos, a enerxía xuvenil corre o risco de fragmentarse. Os recentes levantamentos xuvenís, xa sexan en forma de



protestas pola xustiza ambiental, movementos obreiros ou levantamentos contra gobernos autoritarios, son a proba de que a mocidade de todo o mundo non só está a responder a un conxunto de circunstancias; senón que está a rexeitar consciente e colectivamente as narrativas que buscan definilos. Polo tanto, é crucial analizar o que aconteceu e extraer leccións destes levantamentos, especialmente no contexto da construción dun confederalismo democrático xuvenil global. Porque o poder dos movementos xuvenís está interconectado, a pesar de seren xeograficamente distantes.

Neste contexto, o termo Xeración Z tamén ten potencial para a recuperación: en levantamentos como os de Nepal e Marrocos, autoapropiouse tanto para fortalecer os movementos revolucionarios locais como para forxar conexións coa mocidade en loita en todo o mundo, reavivando unha conciencia xuvenil internacional.

A PERSPECTIVA DA MULLER NOVA

Dentro desta loita, a posición da moza é decisiva. O sistema capitalista explotador asígnalle unha misión peculiar: non ter ningunha misión. Anímaa a buscar o éxito individual, a conformidade estética e a adaptación silenciosa. A súa voz política trivialízase; a súa ira patoloxízase. Con todo, no núcleo da identidade da moza reside un espírito resistente e militante. Leva dentro de si non só a vitalidade da xuventude, senón tamén a memoria histórica da resistencia das mulleres. Para espertar este espírito requírese unha organización consciente.

A moza debe insistir en organizar a súa educación dentro da perspectiva da Nación Democrática[1], unha educación que fortaleza a ética colectiva, a conciencia histórica e a responsabilidade política. Debe cuestionar todo no sistema existente: os roles que se lle asignan, as imaxes que se lle impoñen, os límites trazados arredor dos seus soños. Non obstante, o cuestionamento non debe permanecer individual. O seu reflexo debe ser organizado. Polo tanto, depende da moza romper a percepción creada polo capitalismo sobre ela e o seu pobo. Debe desenvolver novos métodos políticos e formas de participación. Debe traer a súa propia creatividade e natureza revolucionaria á política como un factor determinante.

Cando a muller nova se organiza, non busca só defenderse a si mesma, transforma o movemento xuvenil enteiro. Porque sen a liberdade das mulleres como

principio reitor, ningún espírito revolucionario pode sosterse. Por exemplo, a revolución sandinista en Nicaragua e a Unión Soviética baixo Stalin demostraron como o dominio patriarcal dentro do movemento non só limitou as contribucións das mulleres, senón que socavou a revolución no seu conxunto. Nestes contextos, a negativa a elevar os papeis das mulleres dentro da revolución levou en última instancia ao declive do socialismo. As leccións aprendidas destes fracasos destacan a importancia de integrar o liderado das mulleres no corazón das loitas revolucionarias.

A MOCIDADE É O FUTURO

A pesar de todo o que se fala arredor da Xeración Z, a mocidade non é simplemente un grupo demográfico de mercadotecnia. Non é só unha tendencia demográfica. É a expresión máis dinámica da capacidade de renovación da sociedade. Se a característica esencial da sociedade é o cambio, entón a mocidade —como encarnación da apertura ao cambio— convértese no seu compoñente máis activo. Dado que o sistema comprende o noso potencial, categorízanos, críticanos e humíllanos. Unha mocidade despolitizada é a súa garantía de continuidade. Unha mocidade consciente e organizada é o seu maior desafío.

Defender o espírito xuvenil revolucionario é, polo tanto, defender o futuro. Defender o futuro require claridade sobre quen nos define e por que. Require rexeitar as identidades impostas e construír as nosas propias. Require recoñecer que a mocidade, consciente do seu papel histórico, convértese nun actor de vangarda da transformación. Non somos un arquetipo fixo nun ciclo recorrente. Somos unha forza viva moldeada pola loita e a organización. Non simplemente seguimos o ritmo da historia, temos a capacidade de rompelo.

Mentres a mocidade rexeite a imaxe imposta e se organize arredor da súa propia comprensión da liberdade, a dignidade e a vida colectiva, o espírito da mocidade seguirá sendo irreductible. E mentres este espírito permanece consciente e organizado, especialmente a través do liderado e a liberación das mulleres novas, a mocidade seguirá sendo non o obxecto da historia, senón a súa roda motriz.

1. O concepto de Nación Democrática, tal e como o propuxo Abdullah Öcalan, imaxina unha sociedade onde a diversidade cultural e os principios democráticos sexan adoptados a través dunha gobernanza descentralizada e da autodeterminación colectiva. Reclama unha transformación do Estado-nación nun sistema baseado no confederalismo democrático, a liberación das mulleres e a ecoloxía social.



Francia 1968



Kurdistan 2015



Perú 2025



Quenia 2025





**O ano novo
comeza coa primavera.
A nova vida comeza coa
mocidade.
A mocidade é a primavera
da sociedade.**

- Hồ Chí Minh

A corrupción, as inxustizas sociais, o patriarcado e a represión son só un poucos dos inimigos contra os que a mocidade de todo o mundo loitou nestes últimos meses. Protesta tras protesta, coma as contas dunha cadea, formou unha liña unindo a xente de cada continente. A bandeira pirata de Luffy, escollida do manga Xaponés One Piece, voou alto en centos de manifestacións, e transformouse nun símbolo de unidade xuvenil a nivel mundial.

Estamos a percatarnos de que, na actualidade, se queremos acadar a vitoria, debemos unir forzas. Sabemos contra quen loitar, sabemos o que queremos destruír. E hoxe, seguindo a recente ola de protestas, tamén somos conscientes de que as vitorias son posibles.

Porén, non está tan claro como conseguir unha vitoria total contra o inimigo, como percorrer o camiño cara a unha forma de vida diferente, como construír un sistema baseado en valores éticos e cales poderían ser estes. En resumo, como expulsar o inimigo das nosas mentes e corazóns. Os triunfos corren o risco de seren reabsorbidos polo sistema se erran no proceso de creación novos sistemas funcionais de vida comunitaria dun xeito organizado e libre.

Este número ten coma obxectivo establecer vínculos históricos entre protestas xuvenís e achegar unha perspectiva crítica que axude no avance da construción das revolucións do século XXI.

Como poderemos acadar un levantamento permanente? Ou noutras verbas, como poderemos garantir que o impulso revolucionario da mocidade non remate reabsorbido polo sistema capitalista e patriarcal.

Asemade analizaremos o contexto e organización do levantamento xuvenil keniano de 2024, antes de retroceder máis no tempo ata 1968. destacaremos as orixes, o espírito e a herdanza da primeira revolta liderada por mozas coma mozas, nun esforzo por comprender o pasado para interpretar o presente e levantar o noso propio futuro.

Avanzando rapidamente na historia, coñecere-mos á mocidade de Bakur (a rexión do Kurdistan ocupada por Turquía) e a súa resistencia fronte ós ataques do Estado turco na primavera de hai 10 anos. Finalmente, poremos o foco de atención en Perú, na lembranza do camarada Tvrko, de 32 anos, asasinado pola policía durante unha protesta.

Adicamos este número a todas a mozas que caeron na loita contra a opresión e, en particular, a quenes foron asasinadas polo Estado nos últimos meses. Coma en Indonesia, onde o asasinato dun mozo repartidor por parte da policía afogueirou as chamas da revolución, nos manteremos esa chama acendida nos nosos corazóns, alimentándoa con odio á inxustiza e amor pola vida e a liberdade. Agardamos que este número poida axudarnos neste empeño.

Ata a vitoria!

O LEVANTAMENTO PERMANENTE

TRANSFORMANDO A MOBILIZACIÓN EN ORGANIZACIÓN A TRAVÉS DA COMUNA

POR ÉMILE MARTI

Setembro de 2025, Nepal. Fume, gas lacrimóxeno, berros, pedras ao voo, pequenos grupos de mozos reuníndose e formando unha enorme marea humana. Unha poderosa onda achégase ao palacio presidencial. A porta derrubouse rapidamente; algúns ondean a bandeira de «One Piece», a xente grava vídeos para capturar estes momentos de alegría.

Comezando desde Indonesia e Nepal en agosto de 2025, estendéndose despois a Filipinas, Madagascar, Marrocos, Perú e Bulgaria, fomos testemuñas nos últimos meses dunha nova fase na loita xuvenil global. Os medios de comunicación, e a propia mocidade en loita, faláron dun «levantamento da Xeración Z». Como podemos entender estas revoltas? Que leccións podemos extraer para o período que vén?

A través da identidade da Xeración Z, a mocidade actual foi retratada nos medios de comunicación como alienada no mundo virtual, egoísta e apolítica. Deste xeito, o sistema espera neutralizar a mocidade antes mesmo de que poida supoñer unha ameaza para a súa existencia. O obxectivo é drenar o seu potencial revolucionario e crear unha mocidade paralizada e pacificada, incapaz de pensar ou crear cambios. O capitalismo busca domesticarnos para poder explotarnos mellor para os seus propios intereses, reducindo as nosas vidas ao estudo, o traballo e a produción.

Isto non é nada novo: os poderosos sempre procuraron atacar e explotar a mocidade, desconectala das xeracións anteriores, facer que a súa loita sexa ilexítima. En resposta, a mocidade sempre se defendeu e seguirá rebelándose. Desde Katmandú ata Rabat, a mocidade levantouse masivamente nos últimos meses, recuperando a identidade da mocidade en loita e transformándoa nunha forza colectiva e unificadora.

CRONOLOXÍA DUNHA NOVA ONDA GLOBAL DA MOCIDADE EN LOITA

En agosto de 2018, Greta Thunberg lanza a folga polo clima. En cuestión de meses, as marchas reúnen a cen-

tos de miles de mozos de todos os continentes. Unha nova xeración sae ás rúas e cuestiona todo o sistema. En 2020 e 2022, os asasinatos de George Floyd e Jina Amini desencadean movementos de masas nos que a mocidade xoga un papel de vangarda. As consignas destes levantamentos —«Black Lives Matter» e «Jin Jiyan Azadi»— aínda resoan hoxe en día.

En 2022, as protestas «Aragalaya» (a loita) obrigan ao presidente de Sri Lanka, Gotabaya Rajapaksa, a fuxir despois de só unhas semanas. A mocidade revélase contra un sistema onde os intereses familiares dos que están no poder prevalecen sobre o ben común. Dous anos despois, en xuño de 2024, a mocidade keniana levántase masivamente contra un proxecto de lei de finanzas, que finalmente é retirado. Ao mesmo tempo, Bangladesh convértese no epicentro dun levantamento xuvenil. Uns meses despois, en novembro de 2024, Serbia estala, cos estudantes liderando un movemento de revolta masivo.

UNHA ONDA QUE PERCORRE DEN- DE ASIA ATA EUROPA DO LESTE

Pero a secuencia máis recente e intensa comeza en agosto de 2025 en Indonesia. Esta vez, o movemento comeza no campo, onde os grupos campesiños se mobilizan contra un aumento do imposto sobre a terra. Por primeira vez, a bandeira de «One Piece» ízase como símbolo do levantamento da «Xeración Z». Se esta nova fase de loita comeza en Indonesia, é en Nepal onde atrae a atención mundial. A impugnación en liña da corrupción da clase dominante por parte da mocidade xeneralízase demasiado, polo que o goberno decide bloquear o acceso ás principais redes sociais. Esa foi a gota que colmou o vaso.

O 8 de setembro, estudantes e traballadores novos saen ás rúas e, ao día seguinte, o presidente foxe; os edificios oficiais e os das principais empresas son incendiados, o palacio presidencial é asaltado. A intensidade do levantamento esténdese moito máis alá das fronteiras de Nepal. Nese momento, para os mozos de todo o mundo, a

pregunta convértese en: «Se eles poden facelo en Nepal, por que non poderíamos facer o mesmo aquí?».

A rápida vitoria no Nepal devolve a confianza e a forza á mocidade de todos os continentes, unha mocidade que o sistema intentara, en van, neutralizar. Nos días seguintes, a mocidade sae ás rúas en Filipinas, Timor Leste, Madagascar e Marrocos. Nos meses seguintes, a onda chega a América do Sur con levantamentos no Perú e a Europa coa caída do goberno en Bulgaria.

POR QUE SE ESTÁ A REVELAR A "XERACIÓN Z"?

«O conflito das xeracións pode e debe resolverse no conflito social; pola contra, convértese así nun factor de movemento e progreso. As xeracións novas atopan no movemento colectivo a solución ás súas dificultades e, ao elixir o movemento, acélerano».

Albert Memmi – Retrato do colonizado, 1957.

A xeración Z é a xeración máis educada, pero tamén a que se enfrenta ao maior desemprego e á débeda. Como mozos, atopámonos nunha posición na que construír o presente é imposible e proxectarnos no futuro parece igualmente fóra do noso alcance. Os desastres climáticos e a guerra son realidades brutais que moitos de nós experimentamos directamente. Nos países do Sur Global, a mocidade constitúe a maior parte da poboación: a idade media en Kenia é de 20 anos, en Nepal de 25.

Anteriormente, o sistema afirmaba ofrecer comodidade material ou recoñecemento a cambio da explotación. Hoxe, xa nin sequera se preocupa polas aparencias: non proporciona respostas nin perspectivas para a mocidade. Especialmente no Sur, o único contacto co Estado prodúcese a través da súa burocracia e policía militari-

zada. Para aqueles que insisten nunha vida digna, a corrupción das institucións estatais e a violencia do capitalismo vólvense insoportables.

As redes sociais amplifican e aceleran a forte capacidade de mobilización da mocidade, unha mobilización que converte a ira individual en acción colectiva na rúa. Máis alá destas características específicas desta xeración, a revolta da Xeración Z é a expresión máis recente da continua loita histórica da mocidade. A mocidade é a parte máis dinámica da sociedade; sempre desempeñou un papel de vangarda no cambio social. Ser novo é unha forma de afrontar a vida: cuestionalo todo, buscar a liberdade, estar disposto a dalo todo polas propias ideas!

*«Vivir sen principios faiche envellecer. A mocidade significa necesariamente estar obrigado a vivir de forma coherente. Cando era neno dicía: «Se vives, ou es libre ou non». Rexeitei unha vida sen liberdade».*¹

Abdullah Öcalan

DEFICIENCIAS A SUPERAR

A ausencia de ideas claras e compartidas colectivamente debilita á Xeración Z. Como nova xeración en loita, debemos desenvolver o noso propio modelo de vida alternativa se realmente queremos superar a modernidade capitalista. O anarquismo, o feminismo, os movementos de liberación nacional, o marxismo, o leninismo, o maoísmo e episodios previos de loita de clases crearon unha historia de resistencia extremadamente importante. Non obstante, como mozos en loita, necesitamos un pensamento adaptado ao século XXI para que os nosos logros sexan permanentes e sostibles.

Unha visión baseada na liberación das mulleres, a democracia de base, a ecoloxía e a conciencia política é unha necesidade. Sen resolver a cuestión patriarcal, non é posible ningunha solución radical: o patriarcado é o alicerce sobre o que se constrúen todos os sistemas de poder. Ante o colapso dos sistemas vivos, un paradigma



ecolóxico e comunitario nunca foi máis necesario.

UNHA ESTRATEXIA COMUNAL PARA GARANTIR A VITORIA

«No pasado, a resistencia ofrecíase para derrocar o bando contrario e establecer o propio goberno no seu lugar. Hoxe, con todo, a acumulación de forzas precede á resistencia. Sempre que existe a posibilidade, a acumulación ten lugar inmediatamente. Se hai un ataque contra el, un deféndese, resiste e loita cando é necesario».

O Manifesto da Mocidade - Movemento Xuvenil Revolucionario do Kurdistan

Como na época da Primavera Árabe de 2011, os levantamentos da Xeración Z son espontáneos e, en ausencia dunha alternativa, réximes similares aos derrocados volven rapidamente ao poder. A política aborrece o baleiro. Os movementos que basean as súas esperanzas de cambio unicamente no Estado son rapidamente cooptados: o sistema capitalista está o suficientemente organizado como para soportar os cambios e as reformas gobernamentais. As situacións en Nepal e Bangladesh, entre outras, demóstrano.

Por outra banda, pensar que é posible liberarse do Estado simplemente levantándose é unha ilusión perigosa.

A estratexia comunal abre un camiño entre estas dúas abordaxes. Nin o rexeitamento total do Estado nin a expectativa ilusoria: é a sociedade e o seu autogoberno democrático os que se colocan no centro.

O proceso pola paz e a sociedade democrática, iniciado por Abdullah Öcalan desde a illa prisión de İmralı o 27 de febreiro de 2025, é unha encarnación viva deste novo camiño cara á emancipación, que pode inspirar aos pobos de todo o mundo. O diálogo co estado turco detivo os ataques militares e abre novas posibilidades de loita, onde a sociedade se implica directamente na construción do seu propio autogoberno popular. Os ataques á revolución de Rojava en xaneiro de 2026 demostran a ameaza que estas ideas supoñen na práctica para o sistema hexemónico.

En Serbia, o rexurdimento dos Zborovi (assembleas democráticas de base) xunto coas mobilizacións masivas é un exemplo importante.² Uns días despois do derrocamento do goberno, a “Xeración Z Madagascar” anunciou nos seus estatutos que “a reforma institucional debe xurdir dunha reflexión colexial sobre un novo sistema baseado nas necesidades e aspiracións recollidas das comunidades locais (fokontany/comuna)”, e que se debería desenvolver un novo contrato social baseado no principio de Fihavanana (tradición malgache de axuda mutua comunal).³

A finais de febreiro de 2026, en continuidade cos levantamentos dos meses anteriores, a mocidade indonesia organizou o Festival Saba Kampung, co lema “Revitalizando a comuna en medio da modernidade forzada”. O seu primeiro obxectivo: «Rehabilitar os espazos vitais como ecosistemas socioculturais holísticos. Restaurar a función da aldea como un espazo vital democrático —non só unha localización xeográfica— onde se practiquen activamente as relacións sociais baseadas no gotong royong (axuda mutua), o musyawarah mufakat (toma de decisións por consenso) e o respecto pola diversidade (unha nacionalidade democrática).» O festival tamén debería «Servir como laboratorio para unha vida alternativa para a mocidade».

Sempre que sexa posible, podemos comezar a construír o noso novo xeito de vida desde

Levantamento xuvenil en Antananarivo, Madagascar, 11 de outubro, 2025



a base hoxe a través dun proceso de creación de comunas. Os levantamentos poden acelerar a historia, pero non poden ser vitoriosos sen unha construción lenta e continua en paralelo. Deberíamos deixar de dirixirnos só ao estado coas nosas demandas e recuperar a conciencia da nosa propia forza como sociedade organizada.

PERSPECTIVA PARA UNHA UNIÓN GLOBAL DE MOCIDADE REVOLUCIONARIA

Na filosofía grega, Kairos describe o «momento crítico», o instante que hai que reconecer e aproveitar cando chega. Tamén se describe como un pequeno deus voador: cando pasa diante de nós, ou non o vemos, vémolo e deixámolo pasar, ou o collemos e aproveitamos a oportunidade.

O ano 2026 comezou simultaneamente co secuestro de Nicolás Maduro en Venezuela e o inicio de novos ataques contra a revolución de Rojava. Trump ameazou con invadir Groenlandia e Cuba, e Macron declarou recentemente que o período que vén sería «medio século de armas nucleares». O 28 de febreiro comezou unha nova operación militar estadounidense-israelí contra o réxime iraní, que, mentres escribimos, está a converterse nunha guerra rexional que afecta a todos os pobos de Oriente Medio. Cos Estados Unidos á cabeza, as forzas occidentais declararon claramente as súas intencións para o novo ano: lanzar unha gran ofensiva contra todas as forzas -democráticas ou autoritarias- que se neguen a someterse aos seus plans imperialistas.

Esta situación non demostra a súa forza, senón que reflicte a crise existencial pola que está a pasar o sistema capitalista. Estes ataques tamén amosan o seu medo ante a resistencia dos pobos. O levantamento internacional da «Xeración Z» creou un novo contexto: por primeira vez desde 1968, a mocidade en loita de todo o mundo volve ser consciente de pertencer á mesma dinámica de revolta; reivindicando abertamente esta conexión e convértena nunha fortaleza.

Non debemos deixar pasar esta oportunidade. A idea dun confederalismo democrático mundial da mocidade pode transformar esta conciencia xuvenil colectiva nunha forza organizada.

Combinando a construción comunitaria de base, a confederación de todas as iniciativas existentes nun sistema alternativo e o internacionalismo entre a mocidade de todos os continentes, podemos converternos nunha forza capaz de intervir e poñer fin á guerra mundial en curso!



Asemblea « Zborovi » en Novi Sad, Serbia, marzo 2025

[1] <https://internationalistcommune.com/youth-means-understanding-text-by-abdullah-ocalan/>

[2] Zborovi, direct democracy council, Serbia: <https://berlinergazette.de/the-politics-of-zborovi-councils-direct-democracy-and-the-specters-of-revolution-in-the-balkans/>

[3] Gen Z Madagascar Charter: <https://drive.google.com/file/d/1f700Tl3kP7SnlNvxEXQwkasmrSjdHP0o/view>

PROTESTAS XUVENÍS Ó REDOR DO MUNDO

Hungría 2026

Despois dos abusos a menores e outros escándalos do presidente Victor Orban, a mocidade pediu a súa dimisión a través de grandes manifestacións.

Serbia 2024

Logo do colapso dunha estación de tren, a xuventude fixo un chamamento protestando polo sucedido, pedindo explicacións e reclamando con grandes manifestacións e bloqueos a fin da corrupción do goberno.

Perú 2025

Despois das protestas contra o goberno en 2022 e 2023 e incluso có novo presidente, a crise política continuou con corrupción e reformas inxustas. A mocidade levantouse de novo e o goberno respondeu con violencia masiva por parte da policía contra as mulleres e homes novos.

Bulgaria 2025-2026

A 'Xeración Z' de Bulgaria protestou conseguindo a dimisión do goberno e manifestouse contra a corrupción e a subida de impostos no 2026.

Marruecos 2025

Como resposta á priorización por parte do goberno do gasto en eventos deportivos fronte ó gasto social, en educación e sanidade, a 'Xeración Z' organizou grandes manifestacións. Especialmente despois de falecer oito mulleres no hospital mentres tiña lugar o parto, as protestas volvéronse masivas.

Togo 2025

A voz da xente nova fíxose escoitar para sinalar a nova lei que permite ó presidente permanecer no poder indefinidamente. Por riba, a detención dun rapeiro foi a gota que rebordou o vaso xuntamente coa prolongada incapacidade do goberno para ofrecer emprego e condicións de vida digna para a xente.

Estes son sóamente algúns dos movementos xuvenís que naceron nos últimos catro anos.

Nos últimos catro anos houbo tamén levantamentos en Tailandia, Nixeria, Mozambique, Camerún, Malasia, Francia, Maldivas, Paraguai, Mexico...



Sri Lanka 2022

Os mozos e mozas de Sri Lanka derrocaron ó goberno e lideraron manifestacións contra a corrupción, a inestabilidade económica e o nepotismo.

Irán 2022

A raíz do brutal asasinato de Jina Amini a mans da policía, especialmente as mozas novas tomaron as calles e resistiron ó sistema islamista Iraniano.

Nepal 2025

A revolución da xuventude derruboa con lume o parlamento en setembro, inspirando moitas outras revoltas xuvenís no mundo enteiro. A razón do levantamento alí foi a corrupción, o nepotismo e a prohibición das redes sociais.

Filipinas 2025-26

Contra a corrupción e falta de iniciativa por parte do goberno fronte á crise causada polas graves inundacións, a movidade segue a organizar aínda hoxe grandes manifestacións.

Indonesia 2025

As protestas xeneralizadas da mocidade contra o goberno, o sistema económico e a brutalidade policial levaron ó presidente Prabowo Subianto a revisar as políticas e leis capitalistas inxustas.

Timor-Leste 2025

Xusto despois das protestas en Nepal, a xuventude de Timor-Leste mostraron toda a súa rabia nas rúas contra o autoenriquecemento do goberno.

Quenia 2024


A 'Xeración Z' protestou contra un proxecto de lei que contemplaba unha posible subida de impostos para saldar a débeda. Grazas ó levantamento xuvenil conseguiuase tumbar a lei. As protestas foron reprimidas con disparos da policía, deixando a moitas persoas lesionadas e moitas mártires.

Bangladesh 2024

A mocidade de Bangladesh levantouse en xullo, derrocou ó réxime autoritario e se opuxo ó sistema de cotas de emprego. O goberno respondeu coa matanza de miles de mozos e mozas nas manifestacións.

Madagascar 2025

A 'Xeración Z' conseguiu a caída do goberno de Madagascar por mor da insatisfacción social contra a corrupción e as malas condicións de vida no país. Como resposta, moitas manifestantes foron asasinadas.



ECOS DE RESISTENCIA

UNHA HOMENAXE ÁS VÍTIMAS DA VIOLENCIA ESTATAL EN KENIA

POR GATHANGA NDUNG'U

Escrito por Gathanga Ndung'u, líder comunitario e activista do Centro de Xustiza Social de Mathare (MSJC) e organizador político da Revolutionary Socialist League – Africa (RSL).

Kenya obtivo a súa independencia de bandeira en 1963. A tan agardada soberanía nunca chegou, xa que as ferramentas de emancipación económica, como a terra e as industrias, permaneceron en mans das potencias coloniais, xunto cos seus protexidos locais, a clase compradora, liderada polo primeiro presidente, Kamau Wa Ngegi (alias Jomo Kenyatta). Esta traizón produciuse tras unha das loitas de liberación máis sanguentas de África, librada polo Exército da Terra e a Liberdade de Kenya (KLFA), tamén coñecido como o Mau Mau, contra o goberno británico de 1952 a 1963. Ata o día de hoxe, a terra e outros recursos concentráronse en mans dunhas poucas elites políticas e os seus achegados, creando unha sociedade altamente desigual.

As protestas de xuño de 2024 non xurdiron da nada. O Proxecto de Lei de Finanzas de 2024 foi só o detonante de máis de 120 anos de represión socioeconómica e política sistémica en Kenya. Como kenyanos, o 25 de xuño de 2024 quedará para sempre gravado nos nosos corazóns e mentes. É unha marca indeleble que encarnará para sempre a coraxe dos mozos kenyanos que asumiron a responsabilidade de cambiar o curso da historia do noso país. A mocidade enfrontábase a un mercado laboral minguante, promesas incumplidas e a promulgación de políticas neoliberais contrarias ao pobo. Ademais disto, foron testemuñas da mala xestión e a corrupción, o desprezo aberto pola constitución e as leis, e un despilfarro sen precedentes de recursos nacionais, sumado á ostentación desenfreada de riqueza por parte dos funcionarios públicos e a clase po-

lítica. Os mozos non viron esperanza no “Soño do Hustler”.¹ O que comezou como descontento e preocupación cidadá polo orzamento anual —que pretendía recadar 2.700 millóns de dólares extra mediante impostos— e a oposición a proxectos de lei draconianos e opresivos como a Lei de Sementes de 2024, que criminalizaba o intercambio de sementes indíxenas, entre outros asuntos, creceu ata converterse nunha resistencia popular apoiada por kenyanos de diferentes clases sociais, etnias, credos e xeracións.

As protestas do 6 de xuño foron iniciadas por membros do Movemento pola Xustiza Social e outros organizadores e activistas que asaltaron as portas da Asemblea Nacional para esixir o rexeitamento total do Proxecto de Lei de Finanzas 2024. Os manifestantes pacíficos, „armados“ só con botellas de auga, asubíos e pancartas, atopáronse cunha forza policial desapiadada que detivo a decenas deles baixo acusacións fabricadas de alteración da orde pública.

Isto preparou o escenario para máis protestas semanais, sendo o 18 de xuño o día que cambiou o curso das manifestacións maioritariamente pacíficas. Ese día, as protestas prolongáronse máis aló das 6 da tarde, continuando durante a noite no Distrito Central de Negocios (CBD) da capital, algo nunca visto ata entón. Foi durante esta protesta cando unha bala policial abateu ao primeiro mártir político do noso tempo, a pesar de estar desarmado. A morte de Rex Masai, un mozo que acudira a protestar contra o que se converteu nun goberno xordo, foi unha traxedia. Masai perdeu a vida a mans do mesmo goberno que prometera

#Ruto
fóra

reformular a policía e acabar con estas execucións extra-xudiciais interminables e sen sentido. Esta acción do estado, que pretendía infundir medo e evitar que máis mozos se unisen ao que se estaba convertendo nunha loita popular, saíulle o tiro pola culata e, en cambio, deu lugar ás protestas masivas en todo o país o 25 de xuño, que cambiarían a historia política e a traxectoria do país. A súa morte deu vida ás palabras inscritas na tumba de Pio Gama Pinto —socialista keniano e primeiro mártir político asasinado polo primeiro goberno da independencia o 24 de febreiro de 1965—: “Unha luz apagouse. Porén, xorden mil fachos da chipa que el portaba”.

O 25 de xuño, mentres o parlamento aprobaba apresuradamente o polémico Proxecto de Lei de Finanzas 2024 baixo a influencia do executivo, un movemento popular nacía nas rúas de todas as principais vilas e cidades de Kenya. Isto incluíu o feudo natal do presidente en Eldoret, no condado de Uasin Gishu, que el consideraba a súa vangarda política. Unha vez máis, esta postura valente foi recibida con unha represión aínda máis brutal, que provocou máis de 62 mortes, seis delas fronte ás portas da Asemblea Nacional a mans de francotiradores e outra maquinaria estatal. Isto ocorreu despois de que os mozos traspasasen heroicamente o muro do parlamento por primeira vez na historia, marchando con coraxe cara ás cámaras mentres os membros

do parlamento fuxían para poñerse a salvo. Durante esta ocupación do parlamento pola mocidade, tomouse a maza, un obxecto que simboliza o poder da asemblea para legislar. Isto converteuse nun símbolo de que o pobo recuperaba o poder a través do cal o parlamento debía representalos. Tras o 25 de xuño, os secuestros, desaparicións e torturas de moitos mozos activistas fixéronse máis comúns, cun estado debilitado que se volvía máis vicioso nos intentos de reprimir a aqueles que se supuña que eran os „líderes“, „organizadores“ e „financeiros“ dos levantamentos.

UNHA PROTESTA IMPULSADA DE FORMA DIXITAL

O levantamento de 2024 tivo moitas primicias e varios logros na súa organización. Foi a primeira protesta en todo o país que chegou a case todos os recunchos de Kenya. Tamén logrou romper as barreiras socioeconómicas, políticas, relixiosas e étnicas que durante moito tempo crearon divisións na organización. Ao aproveitar o poder das plataformas dixitais, o estado enfrontouse a un movemento amorfo que non puido controlar. Foi bautizado como “sen líder e sen partido”, superando as formas tradicionais de organización que xiran en torno a caciques tribais e partidos políticos, que son facilmente corrompidos. Os intentos de contrarrestar a crecente onda de activismo dixital nas redes sociais fallaron estrepitosamente, xa que a educación política e cívica dos activistas e mozos comúns pareceu resoar coas masas. Como resultado, o goberno perdeu a guerra de propaganda contra o seu propio pobo.

En 2024, os memes utilizáronse como ferramentas políticas de activismo, axudando a construír a masa crítica para unha „rabia nacional“ que faltara en anos anteriores. A través destes memes críticos co goberno, miles de mozos foron mobilizados en todo o país. Desde o uso de memes, caricaturas e ilustracións para criticar ao goberno e ao presidente en particular, ata o uso de vídeos educativos en varias plataformas. O contido foi traducido a diferentes linguas étnicas para difundir información sobre as seccións máis polémicas da lei e o seu impacto na constitución. Deste xeito, os mozos lograron chegar incluso a poboacións ata entón inalcanzables. Desglosar a constitución nun formato sinxelo e comprensible para a maioría dos kenyanos

#Non á lei de finanzas

asegurou que o pobo, incluso os das aldeas, entenden sen como a lei afectaría as súas vidas diarias.

A través de murais, grafitis, palabra falada, música, poesía, danzas e sketches cómicos, a educación popular estendeuse como a pólvora pola internet. Sobre o terreo, intensificáronse as asembleas comunitarias, as protestas locais e os esforzos de educación cívica e política en lugares como os matatus², mercados, fogares e outros espazos públicos mentres os esforzos de propaganda do goberno fracasaban.

As mulleres desempeñaron un papel fundamental na organización das marchas contra o feminicidio, que foron as primeiras protestas a gran escala en 2024. Foron organizadas por mulleres mozas e nenas en varias cidades de Kenya e axudaron a xerar o impulso necesario para as protestas de xuño-agosto contra a Lei de Finanzas 2024. Estas foron seguidas polas protestas das mulleres Mau Mau³ en abril contra os desaloxos ilegais en Mathare tras as devastadoras inundacións de 2024, lideradas por mulleres de máis de 80 anos que loitaran na loita de liberación contra o Imperio Británico. Estas accións destacaron o papel crítico das mulleres na organización de 2024. Durante as principais protestas, as mulleres tamén acudiron en masa á primeira liña, enfrontándose ás crueis forzas policiais do estado.

Con estas revelacións, a mocidade cambiou Kenya; como dixo un manifestante, “as cousas nunca volverán ser iguais”. Xurdiu unha nova mentalidade: a dos mozos que se deron conta da súa capacidade de acción e están listos para dar forma ao seu futuro e á política do seu país.

En 2026, os mozos seguen organizándose e axitándose. A maioría dos esforzos estanse canalizando cara á ampliación da educación política e cívica da poboación en xeral a través de todos os medios. Aínda que os procesos democráticos como as eleccións e a participación pública teñen límites, especialmente en estados neoliberais como Kenya, houbo unha gran mobilización para lograr cambios ascendentes no liderado desde o nivel de base. Isto xurdiu como unha manobra política táctica a curto prazo, mentres se planifica estratéxicamente o cultivo a longo prazo dunha masa crítica e consciente.

EN MEMORIA DOS HEROES DAS PROTESTAS CONTRA A LEI DE FINANZAS EN 2024 E DAS MOBILIZACIÓNS CONMEMORATIVAS DE 2025

Estes logros non estiveron exentos de contratempos e dun gran custo humano. Desde o inicio das protestas, Kenya perdeu máis de 61 vidas, máis de 72 persoas

foron secuestradas (29 das cales seguen desaparecidas ata hoxe), 601 sufriron feridas e realizáronse máis de 1376 arrestos arbitrarios. Durante o ano seguinte, en 2025, cando se celebraron conmemoracións polas protestas de 2024, 65 persoas foron asasinadas, máis de 400 resultaron feridas e máis de 26 persoas foron desaparecidas pola forza.

Estas cicatrices seguirán sendo un recordatorio do pasado escuro e do sacrificio humano que custou liberar o noso país das garras das forzas imperialistas e da súa clase burguesa allea á realidade, que gobernou desde a independencia do país. Mentres celebramos a estes valentes heroes do noso tempo a través de murais, grafitis, cancións e poemas, o pobo de Kenya segue mantendo acendidas as chispas da revolución. Como afirma Milan Kundera, a loita do home contra o poder é a loita da memoria contra o esquecemento.

A responsabilidade de inmortalizar aos nosos mártires queda, polo tanto, para a nosa xeración, asegurando que haxa un recordo colectivo dos mozos da Gen Z caídos mentres mantemos vivas as súas aspiracións dun país mellor. Como escribiu Frantz Fanon, cada xeración debe, desde unha relativa escuridade, descubrir a súa misión, cumprila ou traizoala. Liberar o país foi e segue sendo a misión do noso tempo como mozos de Kenya, mentres loitamos por restaurar a xustiza social, a democracia e humanizar a nosa existencia.

En memoria de Rex Masai Kanyike, Eric Shieni, David Chege, Denzel Omondi, Wanjiku e moitos outros kenyanos que perderon a vida ou foron feitos desaparecer completamente polo estado.



[1] O soño do buscavidas: o presidente William Ruto presentouse como o principal buscavidas durante a campaña presidencial de 2022, debido ao seu ascenso desde unha orixe humilde ata os máis altos cargos do goberno. O soño do buscavidas foi o cebo para as masas empobrecidas, prometendo transformar as súas vidas mediante unha economía desde abaixo.

[2] Matatus: Vehículos de transporte público compartido en Kenya.

[3] Mau Mau: nome coloquial para o Exército de Terra e liberdade en Kenya, movemento insurgente anticolonial independentista entre 1952 e 1963.

A COMUNA MODERNA DE PARÍS

COMO SE ERGUEU A MOCIDADE DE BAKUR EN DEFENSA DA VIDA COMUNAL

POR MARCOS PACHECO

Os fogos de artificio iluminan o ceo de vermello, verde e amarelo durante a noite. Nas rúas acendéronse fogueiras por todas partes e arredor delas congregouse xente de todas as ideades. Moitas delas bailan en círculos derredor delas ó ritmo da enxordecedora música que soa polos altofalantes. Cada vez que hai unha pausa, a mocidade emprega as súas poderosas voces para cantar eles mesmos as cancións, que a súa vez son repetidas polo resto.

A multitude máis grande atópase concentrada na recentemente inaugurada “Mala Gel”, a Casa do Pobo. Mais a xente do barrio chámala en broma a “Casa de Deus” pois, coma nunha mesquita, sempre está chea e cada un entra e sae como quere. Mentres todas as institucións do Estado e dos partidos políticos permanecen case baleiras. Pola contra, a xente vai aló resolver os seus problemas, organizarse e axudarse mutuamente. Este lugar converteuse no corazón da cidade, onde o significado de palabras como política, democracia e comunidade están a ser redefinidas.

A pesar de todo o ruído e actividade, non se ve un só policía. Ningún deles se atrevería vir sen o apoio dunha gran operación militar. Pola contra, grupos de mozos e mozas do barrio



realizan gardas tras a barricadas que construíron nas rúas principais. Para protexer a súa identidade, ocultan o seu rostro tras panos estampados, pero o seu afervamento e determinación son evidentes incluso a través deles. As nais anciás do barrio lévanlles comida regularmente e todas as demais abren os seus fogares para que poidan durmir e descansar cando o precisen.

Máis tarde, esa mesma noite, toda a mocidade réunese nunha única columna masiva mentres marchan pola cidade. A medida que avanzan, varias das rúas principais quedan completamente ocupadas e cortadas ó tráfico. Levan consigo rochas e cócteis Molotov, que lanzan a calquera coche de policía que tente achegarse a eles. Máis fogos de artifício explotan sobre as súas cabezas a mediade que a enerxía eléctrica pasa de corpo en corpo. Nos vindeiros meses, moitas delas caerán en batalla ou serán levadas coma prisioneiras ás inhumanas cárceres do Estado turco. Porén, esta noite as rúas pertencenlles. Á mocidade audaz que levan os sonhos de todas as xeracións devanceiras. Esta é a súa noite, este é o seu barrio. A súa cidade. A súa terra.

UNHA DÉCADA DESPOIS, AÍNDA ESCOITAMOS ECOS DE LOITA EN BAKUR

Estamos a 15 de agosto, 2015 na cidade de Cizre, no corazón de Botan, unha das maiores rexións kurda que hoxe se considera como unha parte do Estado Turco. Só uns días antes, a xente da cidade, xunto coas cidades de Şirnexê, Amed and Nisêbîn, anunciaron a súa autoadministración autónoma. Isto aconteceu anos despois de que as negociacións co Estado turco fracasaron no seu intento de chegar a unha solución pacífica. Detívose cando o goberno abandonou a mesa de negociacións e retomou os ataques físicos. Aínda que as cidades kurdas teñen a intención de separarse de Turquía, con esta medida declaran que xa non recoñecen a autoridade do Estado para decidir o deus destino por elas e que recuperar o controlar das súas vidas nas súas propias mans. Este movemento de autonomía non xurdiu da nada. É un resultado de anos de preparación e organización acompañada dunha profunda transformación ideolóxica no Movemento pola Liberdade de Kurdistan.

Dende finais do século XX, o movemento afastouse das súas orixes Marxistas-Leninistas e da estratexia de liberación nacional para optar pola estratexia do Socialismo Democrático. Inspirándose nos escritos do líder kurdo e preso político Abdullah Ocalan, xa non procura “a conquista do Estado”, nen espera a que este acceda ás súas demandas. Mais tampouco opta por destruílo inmediatamente. Pola contra, céntrase unha organización da sociedade for a do Estado, desenvol-

ver a capacidade da sociedade para valerse por si mesmo e permitir que as persoas temen decisións sobre as súas propias vidas e resolven problemas xuntos. Aínda continúan a interactuar coas institucións do Estado, mais so cando ó facelo poden ampliar o espazo que permita a organización social.

CONSTRUINDO O SISTEMA COMUNAL

En Bakur (a parte norte do Kurdistan dentro da fronteira turca) este proceso comezou en 2009 mediante a creación de consellos a nivel dos barrios, distritos e cidade, con cominas fundadas nas aldeas. Nelas, a xente tomaba decisións acerca de como debería organizarse a vida e colaboraba coas distintas representantes de organizacións políticas da sociedade civil para orientarse nesa toma de decisións. Repartiron o traballo en di-



versos comités, que se ocupaban de cuestións sociais, políticas e ideolóxicas, ademais doutras que trataban de xustiza e diplomacia. Tamén se crearon proxectos e organizacións para satisfacer as necesidades da sociedade: cooperativas de traballadores, iniciativas artísticas e educativas e organizacións independentes de mulleres e mocidade, entre outras moitas.

Xa que a liberación da muller un piar fundamental do movemento, este impulsou e organizouse para que as mulleres tivesen a mesma participación e poder para decidir que os homes, sendo este un dos seus maiores logros. Como parte deste, implantouse o sistema de copresidencia en tódalas institucións; isto significaba

que acada posición de liderado debería ocuparse por un home e unha muller, xuntos. Ademais disto, as estruturas autónomas das mulleres déronlles espazo para atopar as súas propias perspectivas e construír o seu propio poder, fóra da influencia masculina. Isto proporcionou unha gran forza ás mulleres no momento de participar nas estruturas mixtas para articular colectivamente as súas propias decisións.

Aínda que a forte represión exercida polo Estado fixo este proceso dificultoso, os resultados poden ser claramente apreciables a medida que unha gran parte da poboación tornou política e socialmente activa na vida dos outros e na das súas comunidades, sempre que a policía entra no barrio, a mensaxe difundíase rapidamente e a xente mobilizábase para facerlles fronte. Cada vez que a policía asaltaba unha institución e os responsables eran detidos, ó día seguinte chegarían

mais persoas para reabrir a institución e continuar a súa labor. A xente esperaba que tarde ou temprá rematarían en prisión polo que se organizaron dentro para converter os cárceres en academias de educación política.

Unha das principais fontes do dinamismo e a enerxía deste proceso foi o movemento xuvenil. Son coñecidos principalmente polo seu papel nas protestas e accións, mais tamén tomaron o liderado na organización de actividades para revivir a cultura kurda oprimida, para organizarse eles mesmo contra as actividades dos narcotraficantes e bandas criminais nos seus barrios e para recibir educación política. A mocidade tiña os seus propios consellos autónomos, pero tamén participou nos xerais para impulsar un cambio radical

e a expansión da revolución.

A NOVA COMUNA DE PARÍS

Para abafar a fera resistencia da mocidade kurda, o Estado enviou o exército ás cidades, practicamente derruíndo algúns barrios cas súas bombas e tanques. Malia esta situacións algunhas destas mozas seguiron resistindo e puideron continuar a loitar durante meses baixo os incesantes ataques do Estado. Entón, aínda que este foi un revés para a autoorganización da sociedade, os exemplos de quen como Şehîd Çiyager Hêvî, Şehîd Faraşîn Sidar e moitas outras máis caeron mártires nesta loita están inspirando hoxe a unha nova xeración

de mozas e mozos a tomar o mando e manter a loita.

E aínda que esta particular fase da loita non rematara, o que aconteceu no Kurdistán do Norte foi unha experiencia de autogoberno popular a unha escala nunca antes vista no século XXI. Porque pese a que a Revolución Rojava tivera lugar tres anos antes, a situación en Bakur era moi diferente. O Estado turco non se derubara coma o de Siria, pero aínda así o movemento foi quen de erosionar lentamente súa lexitimidade por medio de máis de 40 anos de organización e, máis importante, foi quen de construír.

Así como o movemento kurdo comezou como un pequeno grupo de mozas universitarias, que combinaban a súa profundidade ideolóxica coa militancia da xuventude, as loitas sociais do século XXI foron definidas por grandes mobilizacións da mocidade durante tempos de malestar social. Xa non están confinados en fábricas, senón que o seu espazo principal de loita é a área pública, as prazas e as cidades. Mais aínda quedan preguntas: Que segue? Como podemos converter os estalidos temporais en cambios a longo prazo?

Aquí é onde a experiencia en Bakur pode amosar o camiño a seguir. Mentres moitos dos movementos sociais atópanse estancados entre a necidade de acadar logros concretos e a dificultade de facer fronte á violencia do Estado sen comprometer os ideais e obxectivos socialistas, a mocidade de Bakur foi quen de romper con este punto morto. Así, malia non ter superado por completo todos os retos ós que se enfrontaron, as súas vitorias amosan que o este camiño pode ofrecer esperanza á actual xeración de mozas que procuran unha luz que os guíe no medio da escuridade na que caeu o mundo. Hoxe en día a loita continúa en Bakur e en tódalas partes do Kurdistán. Cada sacrificio que se fixo foi a base de novos desenvolvementos ideolóxicos e prácticos que se espallan por todas partes. Do mesmo xeito que os acontecementos da Comuna de París abriron o período do socialismo “clásico”, que durou ata a caída da Unión Soviética, tamén a “Comuna de Bakur” e a Revolución de Rojava inauguraron a loita por un novo socialismo no século XXI. Un que está a ser liderado polas mulleres e mozas militantes de todo o mundo e que se estende por todas partes.



IMAXINA O IMI

UNHA HISTORIA DA REVOLUCIÓN DO 1968

POR TERESA COPPOLA

Quen son os mozos e mozas do 1968? Qué similitudes existen entre esa época e os tempos que estamos a presenciar nos nosos días? Cómo podemos volver imaxinar un mundo diferente, aínda cando parece imposible? Se observamos a mocidade ao longo da historia, vemos que constitúe, sen dúbida, unha parte da sociedade que impulsa a acción a longo prazo¹. Dentro desta corrente que prevalece na actualidade, procuramos desvelar os mecanismos históricos que se mostraron como decisivos, aqueles que marcaron direccións distintas. O noso propósito é atopar e dar forma ás chaves capaces de desbloquear as engrenaxes dos nosos tempos para poder acadar un escape do caos.

O ano 1968 consistirá nunha conxuntura histórica a nivel mundial. Tras emerxer devastadas de dúas guerras mundiais e dun neocolonialismo descontrolado, as nacións-Estado de todo o globo optan por abrir un período de paz. Porén esta paz non se chegou a espallar no sur global. A liberdade prometida polo neoliberalismo ofuscou a parte do mundo coma se de opio de tratase e tornou a outra nun inferno na Terra. O Congo, Vietnam e Sudáfrica transformáronse nos guetos dentro dunha sociedade acomodada

A REBELIÓN DA PERIFERIA

Ca conexión entre “primeiro” e “terceiro” mundo, desenvolveuse un novo modelo de solidariedade internacional en dúas fronteas estratéxicas. Por unha banda, atopamos un desenrolo de guerras de guerrillas anticolonialistas nunha época na que se estaba a dar un veloz auxe da tecnoloxía bélica. Por outra banda, deuse un decaemento interno do capitalismo na súa ausencia mediante o desenvolvemento da conciencia e construción dunha forma de vida diferente.

Neste contexto xorde a necesidade de vangardas revolucionarias que impulsasen á sociedade a imaxinar un mundo alternativo ó que ofrece o capitalismo moderno. A prioridade é a construción dunha vontade de liberación da opresión autoimposta e tomar conciencia de que vivimos sometidos ó elixir da falsa liberdade do liberalismo.

Vietnam é dos máis importantes exemplos evidentes desta dobre fronte. Por unha banda, presenta unha resistencia da mocidade estadounidense contra o recrutamento masivo. Por outra banda, dispón dun movemento guerrilleiro popular de autodefensa contra o maior poder militar a nivel mundial.

A loita palestina pola liberación nacional transformouse nun faro de esperanza e acadou un punto de inflexión en 1967 coa creación do FPLP e o comezo das operacións armadas.

Os vocablos de descolonización foi tamén transferido entre os propios estados occidentais. Michel Rocard, líder do Parti Socialiste Unifié, en Francia, deu un discurso acerca da descolonización das provincias, denunciando o desequilibrio entre París e o resto do país.²

Nos Estados Unidos a loita do movemento afroamericano foi crucial, especialmente a do Partido das Panteras Negras, o cal dende a súa fundación en 1966 adquire un carácter transnacional. Os Dalits oprimidos na India simulan a retórica dos Panteras Negras. Representantes da Fronte pola Liberación da Nación Vietnamita tamén emprega a organización como modelo, autoproclamándose como Panteras Amarelas

O MOVEMENTO XUVENIL

De socato, os activismos presentes en Palestina, Alxeria, Vietnam e América latina expándense por todo o mundo. Xóvenes, necesarios no sistema pola súa forza física nos contextos militares e polos seus coñecementos intelectuais nas diferentes áreas do coñecemento, rebélanse e tornan nos suxeitos revolucionarios do momento. 1968 representa o cumio dun período de protestas precedentes que comeza ideoloxicamente nos campus de California. Expándese a Italia, México e Alemaña. Posteriormente, atopará a súa máxima expresión e a de maior simbolismo en Francia durante maio e xuño no 1968.

A advertencia do Che Guevara “Sede realistas, esixide o imposible” resoa en todas partes. E coma se milleiros de pontes foran construídas en todo o mundo. A

POSIBLE

irmandade dunha sociedade resistindo a unha modernidade que tende ligazóns entre todas as loitas intuitivamente.

O CAMBIO DE PARADIGMA

A transición ten lugar dende unha aproximación centrada nas clases sociais cara unha centrada na autonomía política e as normas morais da sociedade, A nova sensibilidade nada en 1968 está estreitamente ligada a unha visión utópica do socialismo en todos os aspectos das nosas vidas. Significa tomar partido en contra do poder e contra as autoridades que reprimen a imaxinación e a liberdade.

Ca revolución China emerxe o concepto de revolución cultural. Nisto, 1968 representa un punto de inflexión a nivel cognitivo, un cambio de paradigma par aun xeración enteira. En consecuencia, a ola do cambio iniciouse nas universidades, que abriron as súas portas á mocidade procedente de clases non privilexiadas. Durante 1968, asistimos o xurdimento de comités e asembleas xerais nas facultadas, abertos a calquera persoas con ánimo de participar.

No seguinte ano, 1969, estudantes de toda Europa abandonan as universidades para unirse o movemento obreiro, abrindo o camiño para o desenvolvemento dos partidos políticos e organizacións da década dos 70.

Durante as ocupacións e as mobilizacións, os estudantes probaron formas de vida comunitarias entre iguais. Aquí comeza a aparecer a sementa da idea do que é persoal e o que é político³. Isto acontece ó intentar politizar a novos ámbitos da vida e novas contradicións que xorden dos profundos vínculos que se crean nas ocupacións, folgas e manifestacións.

Conta a corrupción moral do capitalismo, o obxectivo reside no desenvolvemento dunha nova forma de vida coherente

Marchas de grupos que loitaban pola liberación da muller, manifestándose na imaxe dando apoio ó Partido das Panteiras Negras, New Haven, 1969

cos ideais persoais e que poida practicarse no transcurso do camiño

O MOVEMENTO FEMINISTA

Cando a sociedade está en movemento os elementos que moven as engrenaxes son máis sinxelo de ver. As mulleres que participaron no movemento social de 1968 percatáronse de que o maior obstáculo para a liberación era a opresión de xénero que estaban a experimentar, é a mentalidade patriarcal inherente en todos os aspectos da sociedade. Entenderon que a contradición entre homes e mulleres é unha fractura que cruza todos as demais divisións sociais. A renovada conciencia de ser suxeitos capaces de dar forma á historia vincula a liberación persoal coa liberación colectiva. As experiencias persoais das mulleres tornan en políticas.

A participación das mulleres nos movementos sociais converteuse nun fenómeno perturbador. Representa tanto a rutura coma a reconciliación. É capaz de interpretar a necesidade histórica, deixando unha pegada duradeira e realizando contribucións importantes en termos de ferramentas e prácticas políticas que axudan a superar o estancamento da militancia de esquerdas tras o decaemento das olas de protestas dese ano.

O feminismo negro tamén contribuíu á evolución da historia da teoría feminista, pois xorden da conciencia das mulleres negra que son inseparables ante o racismo, sexismo e opresión de clase.



Deste xeito, os movementos feministas emerxen vitoriosos do legado de 1968, en contraposición á maioría da esquerda extraparlamentaria. Fomentan unha cultura de política de unidade na diversidade e desenvolven a capacidade de unión das diferentes loitas sen simplificar a realidade. Ó facelo, conseguen influír na sociedade mundial e provocar un profundo despertar da conciencia.

XIROS DESTRUTIVOS

O sentimento de desesperación e importancia que xera un mundo dividido en dous bloques, engadido ó risco de tornar nun insignificante engraxe da maquinaria capitalista, empurran a moitas persoas á procura de novas alternativas. A creación de subculturas e paraísos artificiais separados do resto da sociedade converteuse nun dos xiros máis liberais dentro dos movementos xuvenís. Prevaler nas marxés do sistema e o seu estilo de vida é as veces percibido coma algo radical, mais a consecuencia é habitualmente ó illamento da sociedade.

Parcialmente a causa da separación das transicións políticas do século XIX e a súa apertura a experimentación ideolóxica,

o movemento xuvenil de 1968 non sempre distinguíu entre o que era produto do capitalismo e o que non. Nas estruturas organizativas que adoitan ser fluídas e carecen de obxectivos es-

«Todas as loitas de resistencia levadas a cabo pola mocidade revolucionaria que aconteceron ó longo da historia son o noso legado, en particular, o movemento xuvenil de 1968 defínese coma o legado fundamental para a existencia propia, como o pilar central máis actualizado e coma unha revolución xuvenil en cuxa transición basease o actual movemento xuvenil. A intención é desenvolver a resitencia espírito e rebeldía da revolución xuvenil de 1968. O obxectivo estratéxico é impulsar unha segunda onda do movemento xuvenil de 1968 »

Os principios do confederalismo xuvenil democrático - Manifesto da mocidade



tratéxicos, continúa a existir a posibilidade de que o propio sistema execute ataques e marxinacións.

Non é casualidade que estean a chegar cantidades masivas de drogas as metrópoles occidentais tras as olas de protestas. A heroína expandiuse coma unha epidemia e matou a milleiros de mozas que doutro xeito terían acadado o potencial para derrocar o sistema.

A NOSA HERDANZA

Malia crecer sufrindo violencia sistémica, seguimos a ser quen de imaxinar o imposible, de unirnos, de revelar as contradicións e sacar á luz as conexións recónditas e os falsos mitos do sistema capitalista, que se presenta coma invencíbel, mais sempre foi fráxil. Isto é o que nos mostra 1968. se non adquirimos conciencia do noso pasado, da mocidade que, coma nos, golpeouse a cabeza contra os limiares do mundo, que desgarraron as súas voces gritando e que se lanzaron de cabeza a unha sociedade que esixía o seu silencio e obediencia, como imos superar os ataques contra os nosos corazóns e mentes hoxe?

Hoxe non estamos sós, e tampouco o estivemos na historia. Somos milleiros de mozas e mozos que se sacrificaron para poder atoparnos un paso máis preto de comprender e acadar os nosos obxectivos.

[1] O historiador Fernand Braudel observa a historia a través de tres dimensións: unha «microhistoria», o nivel superficial do aquí e agora; unha historia conxuntural, composta por ciclos materiais intermedios; e unha historia estrutural, ou a longo prazo,, que é o fluxo continuo que move e moldea o que existe.

[2] Para un debate máis profundo das esixencias rexionalistas do 1968, recomendamos o artigo «Le réveil des revendications régionalistes et nationales au tournant des années 1968 : analyse d'une « vague » nationale» de Tudi Kernalegenn (2013).

[3] A expresión popularizouse grazas ó ensaio «O persoal é político» de Carol Hanisch (1970).

Manifestación a favor da Paz en Vietnam, Bruno Barbey, Maio do 1968

EN MEMORIA DE

TRVKO

UN ARTISTA E ACTIVISTA
POLA DEMOCRACIA



Na noite do 15 de outubro de 2025, un policía infiltrado disparou a Eduardo Mauricio Ruiz Saenz, tamén coñecido como Trvko. Nas horas previas á súa morte, Trvko marchara con milleiros de persoas polas rúas de Lima para esixir a fin a desenfreada corrupción e inxustiza. Era un artista, pai, irmán, fillo, asasinado a curta idade de 32 anos. Co seu asasinato converteuse nun dos máis de 50 mártires que avogaron pola democracia en Perú.

O QUE VIU ANTES: OS LEVANTAMENTOS DE 2022 E 2023

Cando en 2022 o presidente electo Pedro Castillo, o primeiro gobernador peruano de formación campesina foi derrocado, o pobo, especialmente na rexión surandina, rebelouse. Os bloqueos de rúas, folgas e protestas en todo o país duraron meses, seguidos dunha ola de represión máis intensa e mortífera que vivira o país no século XXI. Cando en 2021 Pedro Castillo postulou para a presidencia, a meirande parte do campesiñado peruano, invisible durante moito tempo no transcurso de 200 anos de política pública republicana, viuse finalmente representada por un candidato. Xente de comunidades remotas realizaron viaxes de horas para acadar os colexios electorais máis próximos coa esperanza de que desta volta o seu voto trouxese un cambio real. Xacando, nen un ano despois do congreso decidiu desestimar o voto popular pola súa propia axenda, a indignación popular, especialmente nas devanditas comunidades, foi masiva e manifestouse en meses de protestas espontáneas organizadas.

A policía e as forzas militares asasinaron a un aproximado de 50 persoas unicamente nos meses de decembro de 2022 e xaneiro de 2023. Dende entón, deuse unha escalada do derrubamento da democracia e do auxe do autoritarismo en Perú: tres presidentes diferentes nun ano, incrementos da violencia rueira e bandas extorsionaras que atemorizan ós traballadores de Lima e do norte do país, redes de tráfico de drogas no sur, escándalos de canles de corrupción, tanto na esquerda coma na dereita, e políticos membros do congreso cunha acentuada desconexión do pobo. Mauricio, coma outra moita xente, levou a súa indignación ás rúas o 15 de Outubro, cando as federacións estudantís, sindicatos de condutores de autobuses e outras organizacións sociais chamaron a unha folga xeral. Coma moitos outros, foi asasinado por un réxime neoliberal disposto a aniquilar a calquera para conseguir preservarse.

CANDO A REPRESIÓN ESTATAL INCREMENTA, O POBO SEMPRE SE ORGANIZA

Este sistema ten as súas raíces na historia de Perú. Nos anos 80 e 90, o país experimentou unha era de terror,

violencia e represión que marcou a poboación ata os nosos días. O pobo, especialmente o procedente do rural, viuse entre a violencia dos grupos comunistas, habendo algúns deles que tornaran na súa contra, e a brutal represión estatal que atacaba calquera forma de organización política ou social. As forzas militares e policiais foron o brazo executor de masacres e persecucións en universidades e vilas pacíficas (especialmente no sur de Perú), onde se deron a meirande parte das masacres de 2022/23. Como consecuencia, aflorou un profundo medo á calquera tipo de forma política. Ca presidencia de Alberto Fujimori en 1990 e a imposición do neoliberalismo, o medo ós movementos políticos e ás organización aumentou. Porén, coma nos ensina a historia, as forzas democráticas sempre atoparán o xeito de organizarse.

Trvko era parte do Movemento de Hip Hop que xurdiu a comezos do s200s nos barrios de Lima. Tras os acontecementos dos 80 e 90 moita xente perdera a fe nos movementos tradicionais de esquerda liderados por grupos e partidos comunistas. Mais a propagación do neoliberalismo e o imperialismo estadounidense creou unha nova ola de organización social, baseada na creación de comunidade. En Perú, especialmente en Lima, seguir tamén a lembranza do acontecido durante o réxime de Fujimori. A mocidade dos barrios de clase baixa en Lima, coma Comas, San Juan de Lurigancho e San Martín de Porres, creou colectivos e centros sociais centrados en facer música hip-hop e ofrecer á mocidade unha alternativa a tornar policías ou rematar nas drogas e dentro de organizacións de crime organizado. Tamén se adestraron para as protestas, aprendendo a defenderse contra os axentes policiais e a como desactivar bombas de gas lacrimóxeno. Despois da súa morte, os medios de comunicación e a policía tentou xerar a imaxe dunha persoa violenta, un criminal drogadicto, para disociar á xente das súas demandas de xustiza e evitar calquera responsabilidade por ter asasinado a Mauricio. Mais, nos somos quen de ver a través deste tipo de manipulación, e gardamos o seu recordo. Coma con outros mártires da democracia en Perú, sabemos que son fillos da súa terra, da súa xente.

O POBO LOITARÁ E O POBO VENCERÁ





Unha historia dende Rojava

por Klara

Estas breves liñas, extraídas do diario dun mozo internacionalista en Rojava, fálanos dos primeiros momentos do avance do HTS e do Estado Islámico cara á DAANES (Administración Autónoma Democrática do Nordeste de Siria).

En xaneiro de 2026, tras fortes ataques contra a poboación dos barrios de Sheikh Masqsoud e Asrafiye en Aleppo, as milicias yihadistas do goberno tiveron como obxectivo toda a Rojava. A pesar dun acordo entre as forzas do goberno de transición sirio e as SDF de que as estruturas militares da DAANES se trasladarían fóra das zonas de maioría árabe de Deir Ez Zor, Tabqa e Raqqa, o 18 de xaneiro de 2026, as milicias yihadistas atacaron a toda a poboación civil e as estruturas militares mentres evacuaban a zona.

Miles de civís foron masacrados, miles secuestrados e miles seguen desaparecidos.

Esa mesma noite, o 18 de xaneiro, centos de mozos uníronse a convois que se dirixían á zona de Hesekeh para deter o avance yihadista e defender a súa terra e o seu pobo.

18 de Xaneiro de 2026

Eu e outro camarada alemán imos en coche cara a Heseke. É de noite e a tensión está no aire. O inimigo avanzou ata os límites da cidade e puxémonos en marcha para unírnos ás estruturas médicas. Só uns poucos coches circulan na mesma dirección ca nós. Atopámonos con refuxiados de Tabka, Raqqa, e familias de Afrin que foxen das bandas que se achegan. Analizamos a situación, intercambiamos coñecementos médicos e tentamos aliviar un pouco a tensión. Parece que conducimos cara a unha tormenta que se volve, pero a emoción e a tensión alternanse. Os ataques, as masacres, a pregunta de como están os nosos amigos nas zonas atacadas: todo isto alterna cun profundo desafío, unha negativa a ceder outro metro desta revolución a estas bandas. Na miña cabeza hai unha voz que segue dicindo **“Xa chega. Custe o que custe, debemos facer todo o posible para detelos”**.

As nosas conversas xiran arredor de asuntos médicos e da nosa defensa: que podemos esperar, a quedebemos prestar especial atención? Cando chegamos á clínica, hai un barullo de actividade.

As persoas feridas que foron operadas e están estables están a ser distribuídas a outras cidades, e as ambulancias pasan constantemente. Os nosos amigos danos unha calorosa benvinda e despois de pouco tempo tamén axudamos a cargar os amigos feridos nas am-

bulancias. O lugar onde estamos está preto da liña da fronte, polo que tentamos manter aquí o menor número posible de amigos.

Moitos amigos foron emboscados durante a retirada de Şedadê e Deir ez Zor. Os coches seguen chegando e axudamos no que podemos.

Despois dalgunhas horas, as cousas calman e podemos visitar amigos das unidades militares. Coñecemos a algúns deles, outros coñecémolos por primeira vez. Sentámonos xuntos con amigos das YPJ, bebemos té e marabillámonos cos encontros que esta revolución fai posibles. Nós, dous internacionalistas procedentes de Alemaña, sentamos xuntos arredor dun quentador con amigos árabes, asirios, armenios e kurdos de todas as rexións de Rojava. Cada vez é máis tarde, alternanse minutos de conversa, olladas ás noticias e gardas no tellado. Todos agardamos con impaciencia o que nos depararán as próximas horas. Despois dalgunhas horas, a necesidade de durmir apodérase de min. Pecho os ollos durante un par de horas.



Mentres estou no tellado da clínica, miro o amencer. Deixo que a miña mirada divague, observando movementos sospeitosos e meditando para min mesma. Vin a Rojava porque vexo o seu autogoberno, a súa ideoloxía de liberación das mulleres e a coexistencia de tantos pobos como un exemplo para o mundo enteiro. Para min, Rojava é un lugar onde a esperanza brilla, como os primeiros raios de sol despois dun chuviairo entre as nubes. Os ataques actuais son un ataque a esta esperanza.

De lonxe, escoito o estrondo dos avións de combate que sobrevoan en círculos sobre nós. Avións da coalición vixían o traslado dos combatentes do EI¹. Quizais para que poidan ser encarcerados noutro lugar, quizais para que os Estados Unidos poidan reunir de novo un exército mercenario de islamistas... quen o sabe con certeza? Aperto os puños e miro con rabia os avións que sobrevoan. O meu amigo ao meu carón ri e dáme unha palmada no ombreiro. «Dev ji wan berde», que significa algo así como «Non te preocupes por eles!». Asinto coa cabeza e el continúa: **«Ninguén nos dará a liberdade, só podemos confiar en nós mesmos. Na nosa forza, a da sociedade e as nosas conviccións»**. Sorrindo, miramos ao redor. Vehículos blindados das YPG e das YPJ pasan, cancións revolucionarias soando polos altofalantes, o vento levando os sons ata nós. Nos tellados dos arredores, moitos outros amigos están vixiando, igual que nós. Alerta, decidida, preparada.



Pasaron varias semanas e a vida na cidade está a volver á normalidade pouco a pouco. Agora que se concluíu o acordo de integración² todos están a tentar entender o que isto significará na práctica, como podemos defender os logros da revolución e garantir que a transformación da sociedade continúe. Os ataques tiñan como obxectivo enfrontar os pobos de Rojava e Siria entre si; a resistencia aquí, en todas as partes do Kurdistán e en todo o mundo, deunos a oportunidade de deter o derrame de sangue por agora.

Nas últimas semanas tiven a oportunidade de coñecer a moita xente diferente; xuntos loitamos, choramos, rimos e soñamos. As amizades forxadas en tempos e circunstancias semellantes sempre terán un significado especial. Durante estas semanas, nas que compartimos experiencias difíciles e alegres, unha cousa tamén me quedou clara. Non importa os ataques e os obstáculos que aínda poidan estar por diante de nós, se vivimos e loitamos con esperanza e determinación, entón podemos crear algo marabilloso en calquera circunstancia.



[1] A finais de xaneiro de 2016, chegouse a un acordo entre os Estados Unidos e o goberno provisional sirio para trasladar miles de combatentes do EI das prisións sirias ás iraquís, a través da chamada “Coalición Global para Derrotar ao ISIS” [nota do editor].

[2] A finais de xaneiro, chegouse a un acordo entre as Forzas Democráticas Sirias e o Goberno de Transición sirio. O acordo prevé un cesamento do fogo inmediato e a integración gradual das estruturas militares, administrativas e civís da administración autónoma no estado [nota do editor].



CHAMADO A LECTORES

Queridos lectores,
Convidámosvos a compartir os vosos pensamentos
connosco!

A nosa revista baséase no xornalismo de base,
ofrecendo sempre unha sólida perspectiva ideolóxi-
ca. Por iso, a partir do próximo número, comezare-
mos a publicar as cartas que nos enviades.

Que temas, artigos, imaxes ou histori-
as de Lêgerín vos inspiraron? Que te-
mas discutíchedes con profundidade? Que
faltaba? Tes ideas para contidos, forma-
tos ou categorías? Cóntanos tamén sobre
accións, experiencias recentes no tra-
ballo político ou as ideas que queiras
compartir.

Se queres escribir unha
carta ao comité editorial
para a súa publicación na
revista, envía a esta di-
rección de correo electróni-
co: [legerinkovar@proton-
mail.com](mailto:legerinkovar@proton-mail.com).

**LEEMOSVOS
PRONTO!**



Que pasou na historia?



4 DE ABRIL DE 2013 - ROJAVA

O 4 de abril de 2013, as Unidades de Protección das Mulleres (YPJ) foron fundadas oficialmente en Rojava, no norte de Siria, durante a primeira fase da revolución popular. O 4 de abril foi elixido por ser o aniversario do líder Abdullah calcan, que naceu o 4 de abril de 1949. Emerxendo como resultado de anos de organización política dentro do movemento das mulleres kurdas, as YPJ formalizaron a autodefensa autónoma das mulleres. Chegou nun momento no que os conflitos armados, unha desestabilización rexional e unha profunda transformación social desenvolvíanse simultaneamente. As mulleres novas uníronse masivamente, desafiando tanto a agresión externa como as normas patriarcais profundamente arraigadas dentro da súa propia sociedade, que as excluían das estruturas políticas e defensivas. Organizáronse independentemente das formacións dominadas polos homes, afirmando que a liberación das mulleres non podía ser adiada ata despois da guerra ou despois da mesma revolución. A autonomía das mulleres definiuse como unha condición fundamental para a transformación social, e non unha consecuencia desta.



30 DE ABRIL DE 1975 - VIETNAM

O 30 de abril de 1975, as forzas revolucionarias entraron en Saigón, capital de Vietnam do Sur, marcando o colapso do réxime avalado polos Estados Unidos e o final de décadas de guerra. A vitoria concluíu unha prolongada loita anticolonial que comezou contra a dominación francesa e continuou a través da intervención militar a gran escala dos Estados Unidos. O resultado non foi meramente militar: milleiros de persoas mobilizáronse, entre elas campesiños, traballadores, mozos, mozas e mulleres, e traballaron para reorganizar pobos e cidades en redes de resistencia. A caída da antiga capital do sur converteuse nun punto de referencia mundial para os movementos anticoloniais e antiimperialistas, demostrando que incluso unha intervención fortemente militarizada podería ser anulada a través da loita popular organizada.



4 DE MAIO DE 1919 - CHINA

O 4 de maio de 1919, máis de tres mil estudantes reuníronse en China para protestar polo Tratado de Versalles, que transferiu as concesións alemás que había no país ao Xapón en vez de devolvelos á soberanía chinesa. A decisión revelou a subordinación continua de China ás potencias imperialistas a pesar do final formal da Primeira Guerra Mundial. O que comezou como unha manifestación estudantil expandiuse en greves de traballadores e boicots de comerciantes de bens xaponeses, enfrontándose tanto á intervención estranxeira como á fragmentación política interna que deixara o país vulnerable á dominación. A mocidade xurdiu como unha forza política decisiva. O Movemento do 4 de maio marcou un punto de inflexión profundo no desenvolvemento da política revolucionaria en China. Acelerou o crecemento do movemento comunista revolucionario e ó mesmo tempo atraeu unha gran constelación de forzas radicais, incluíndo anarquistas, intelectuais, obreiros e mulleres que desafiaban tanto a dominación imperial como as xerarquías sociais atrincheradas. As mulleres participaron activamente en manifestacións, organizacións políticas e debates sobre a emancipación social, vinculando a liberación nacional coa loita contra o patriarcado e as tradicións feudais.



16 DE XUÑO DE 1976 - SUDÁFRICA

O 16 de xuño de 1976, coñecido como levantamento do Soweto, miles de estudantes negros sudafricanos levantáronse contra a decisión do réxime do apartheid de facer do afrikaans unha lingua obrigatoria nas escolas. Esta política simbolizaba un sistema máis amplo de dominación racial deseñado para regular a educación, o traballo e a vida política. Cando a policía disparou contra os mozos desarmados, 176 convertéronse en mártires soamente ese día. O levantamento estendeuse a través dos municipios, xa que os estudantes, traballadores e comunidades organizaron a resistencia ante detencións masivas e violencia estatal. O levantamento de Soweto marcou un punto de inflexión decisivo na loita contra o apartheid, expondo a inestabilidade dun réxime sostido pola segregación racial, a explotación económica e a forza coercitiva.

QUEN SOMIOS?

Lêgerîn é unha plataforma mediática global creada por e para a mocidade revolucionaria internacionalista, unida nas diferenzas que nos unen. A súa posición ideolóxica alíñase co paradigma da Modernidade Democrática, desenvolvido por Abdullah Öcalan, que ten a súa orixe na revolución en curso en Kurdistan. Xa que o sexismo e a devaluación das mulleres son as bases de todos os sistemas de dominación, a ideoloxía da Liberación das Mulleres é o fundamento de todo o noso traballo.

O noso nome “Lêgerîn” é unha palabra kurda que significa “buscar”, reflectindo a viaxe dos revolucionarios que buscan un camiño cara á liberdade colectiva. Tamén escollemos este nome para honrar a Lêgerîn Ciya (Alina Sanchez) de Arxentina, unha médica internacionalista e loitadora inspiradora coas YPJ (Unidades de Protección da Muller), que sacrificou valentemente a súa vida en Hassake (Rojava) en marzo de 2018.



Actualmente, amigos de Indonesia, Papúa, Quenia, Uganda, Rojava, Europa e Abya Yala participan no noso traballo.

CAL É O NOSO OBXECTIVO?

Como Lêgerîn, pretendemos ofrecer ferramentas, tanto ideolóxicas como prácticas, para que os mozos e mozas de todo o mundo se organicen, desenvolvan as súas propias perspectivas, autonomía e unha vida libre. Mentres os mozos e mozas desempeñan máis que nunca un papel vangardista en todas as sublevacións e movementos de resistencia de todo o mundo, cremos que a falta de perspectivas claras e que reflectan globalmente, así como a ausencia dunha identidade común, está a impedir que estes movementos acaden vitorias máis importantes.

Por iso, son tres os nosos obxectivos principais:

- Promover o paradigma da Modernidade Democrática
- Fomentar unha revolución intelectual e cultural entre a mocidade a nivel mundial
- Participar na conformación dun novo Internacionalismo arraigado no Comunalismo

CALES SON OS NOSOS PROXECTOS?

Publicamos a revista cada catro meses en sete idiomas, producimos varios tipos de folletos, vídeos e podcasts, xestionamos un sitio web e diversas plataformas de medios dixitais. Tamén establecemos grupos de investigación en todo o mundo, diriximos unha Academia internacional na que ofrecemos educación política en liña accesible para todos e organizamos regularmente obradoiros e seminarios presenciais.

COMO UNIRSE Á REDE?

Se tes interese en participar no noso traballo, en calquera ámbito, por favor non dubides en contactarnos.

Envíanos un correo electrónico a: legerinkovar@protonmail.com



A young woman with dark hair, wearing a red jacket, is shown in profile, shouting or chanting with her mouth open. She is surrounded by a crowd of people, some of whom are also wearing red jackets. The background is slightly blurred, suggesting a large gathering or event. The overall tone is energetic and passionate.

A historia
non remata
mentres
a mocidade
loite

Lêgerîn

Revista Xuvenil Internacionalista